

vidade á do cónxuxe, durante polo menos os dous anos anteriores ó momento do falecemento, ou, no seu defecto, os pais das persoas falecidas.

Artigo 2. *Axudas sociais.*

Os beneficiarios terán dereito a percibir unha axuda económica, por unha soa vez, a tanto alzado, por importe de 18.030,36 euros (equivalentes a 3.000.000 de pesetas). A percepción desta axuda será compatible coa de calquera pensión pública que o beneficiario tivese dereito a percibir.

Artigo 3. *Solicitudes das axudas.*

1. Corresponderalle ó Ministerio de Sanidade e Consumo a tramitación, resolución e o pagamento das axudas que se establecen no artigo 2 desta lei.

2. As persoas que se consideren beneficiarias poderán solicitar, no prazo de catro meses, contados a partir da entrada en vigor do regulamento desta lei, a concesión das cantidades que lles puidesen corresponder.

3. Naqueles procedementos nos que non recaía resolución dentro do prazo legalmente previsto, entenderanse desestimadas as solicitudes.

4. A resolución estimatoria ou desestimatoria porá fin á vía administrativa, e contra ela poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo.

5. Para acceder á axuda económica será necesaria a renuncia previa do exercicio de todo tipo de reclamacións por contaminación polo virus da hepatite C contra calquera das administracións públicas sanitarias e centros sanitarios vinculados ó Sistema Nacional de Saúde, ou o seu respectivo persoal.

6. Co fin de garanti-la correcta xestión das reclamacións por contaminación polo virus da hepatite C, o Ministerio de Sanidade e Consumo comunicarlles ás Administracións públicas sanitarias das comunidades autónomas as correspondentes renuncias previas e as resolucións de concesión das axudas previstas nesta lei.

7. Non poderán acceder á axuda económica os que obtivesen sentenza condenatoria contra calquera das administracións públicas sanitarias e centros sanitarios vinculados ó Sistema Nacional de Saúde por contaxio do virus da hepatite C.

Disposición adicional primeira. *Censo.*

Regulamentariamente contemplárase que poidan percibir as axudas mencionadas no artigo 2 desta lei as persoas hemofílicas ou con outras coagulopatías conxénitas que, tendo desenvolvido a hepatite C como consecuencia de recibiren tratamento con concentrados de factores de coagulación no ámbito do sistema sanitario público, non figuren incluídas no censo definitivo previsto no artigo 80 da Lei 55/1999, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, debido a circunstancias obxectivas e debidamente acreditadas.

Disposición adicional segunda. *Recursos financeiros.*

O Ministerio de Facenda habilitará os recursos necesarios para a execución desta lei.

Disposición derradeira primeira. *Modificación de normativa tributaria.*

A partir da entrada en vigor desta lei engádese unha nova letra s) ó artigo 7 da Lei 40/1998, do 9 de decem-

bro, do imposto sobre a renda das persoas físicas, e outras normas tributarias, coa seguinte redacción:

«s) As axudas económicas reguladas no artigo 2 da Lei 14/2002, do 5 de xuño.»

Disposición derradeira segunda. *Facultade de execución.*

Autorízase o Goberno e os distintos departamentos ministeriais, no ámbito das súas competencias, para dicar cantas disposicións de aplicación e desenvolvemento desta lei sexan necesarias.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 5 de xuño de 2002.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno
en funcións,
MARIANO RAJOY BREY

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

10906 *ORDE PRE/1313/2002, do 3 de xuño, pola que se modifica a norma de calidade para o iogur ou iogurt destinado ó mercado interior, aprobada por Orde do 1 de xullo de 1987. («BOE» 135, do 6-6-2002.)*

A Orde do 1 de xullo de 1987 aprobou a norma de calidade para o iogur ou iogurt destinado ó mercado interior, sendo modificado, en parte, o contido da dita norma mediante Orde do 16 de setembro de 1994.

A evolución que durante os últimos anos se produciu no desenvolvemento de novos produtos, así como a crecente demanda de produtos semidesnatados, non regulados ata o momento en España no que se refire ó iogur, e a existencia no mercado de produtos que non requiren conservación polo frío, obtidos a partir do iogur mediante tratamento pola calor posterior á fermentación equivalente a unha pasteurización, que implica a inactivación das bacterias lácticas específicas, previstos ambos na lexislación doutros estados membros da Unión Europea, aconsellan modificar esta norma de calidade con obxecto de a adaptar ás novas esixencias do mercado, con pleno respecto ó concepto tradicional do iogur, fortemente arraigado en España, que inclúe a presenza de lactobacilos vivos.

Esta orde regula a denominación e outras indicacións da etiquetaxe dos iogures, con especial atención ós iogures que foron pasteurizados despois da fermentación, co fin de os diferenciar do iogur tradicional, asegurando tanto a correcta información dos consumidores como a leal competencia entre as empresas fabricantes.

No proceso de elaboración desta norma foron consultadas as comunidades autónomas e oídos os sectores afectados. Así mesmo, foi sometida a informe da Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria e conta co informe favorable da Secretaría de Estado de Comercio e Turismo.

Esta orde dítase en cumprimento do disposto no artigo 25.f) da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do

Goberno, en virtude da cal as disposicións que afecten a varios departamentos ministeriais por razón da súa competencia material específica revestirán a forma de orde do ministro da Presidencia.

Neste suposto o ministro da Presidencia ten atribuída a competencia formal de dicta-la dita norma regulamentaria, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, e da ministra de Sanidade e Consumo, con competencias en materia de elaboración de normas sobre calidade alimentaria.

Esta disposición dítase ó abeiro do previsto no artigo 149.1.13.^a e 16.^a da Constitución e do establecido no artigo 40.2 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación e da ministra de Sanidade e Consumo e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único.

Modifícase a norma de calidade para o iogur ou iogurt destinado ó mercado interior recollida no anexo da Orde do 1 de xullo de 1987, no que se introducen as seguintes modificacións:

1. Modifícase o punto 4 «Definición do produto», coa seguinte redacción:

«4.1 Enténdese por “iogur” ou “iogurt” o produto de leite coagulado obtido por fermentación láctica mediante a acción de *Lactobacillus bulgaricus* e *Streptococcus thermophilus* a partir de leite pasteurizado, leite concentrado pasteurizado, leite total ou parcialmente desnatado pasteurizado, leite concentrado pasteurizado total ou parcialmente desnatado, con ou sen adición de nata pasteurizada, leite en po enteiro, semidesnatado ou desnatado, soro en po, proteínas de leite e/ou outros produtos procedentes do fraccionamento do leite.

Os microorganismos produtores da fermentación láctica deben ser viables e estaren presentes no produto terminado en cantidade mínima de 1 por 10^7 colonias por gramo ou mililitro.

4.2 Enténdese por “iogur pasteurizado despois da fermentación” ou “iogurt pasteurizado despois da fermentación” o produto obtido a partir do “iogur” ou “iogurt” que, como consecuencia da aplicación dun tratamento pola calor posterior á fermentación equivalente a unha pasteurización, perdeu a viabilidade das bacterias lácticas específicas e cumpre tódolos requisitos establecidos para o iogur nesta norma, salvo as excepcións indicadas nela.»

2. Modifícase o punto 5 coa seguinte redacción:

«5. Tipos de iogur.—Segundo os produtos engadidos, antes ou despois da fermentación ou a aplicación de tratamento térmico despois da fermentación, de se-lo caso, os iogures pódense clasificar:

5.1 Iogur natural.—É o definido no punto 4.1.

5.2 Iogur azucarado.—É o iogur definido no punto 4.1, ó que se lle engadiron azucre ou azucres comestibles.

5.3 Iogur edulcorado.—É o iogur definido no punto 4.1, ó que se lle engadiron os edulcorantes autorizados nesta norma.

5.4 Iogur con froita, zumes e/ou outros produtos naturais.—É o definido no punto 4.1, ó que se lle engadiron froitas, zumes e/ou outros produtos naturais.

5.5 Iogur aromatizado.—É o iogur definido no punto 4.1, ó que se lle engadiron axentes aromáticos autorizados.

5.6 Iogur pasteurizado despois da fermentación.—É o definido no punto 4.2.»

3. Substitúense os puntos 6.2 e 6.3 polos seguintes:

«6.2 Materia graxa láctea.—O contido mínimo de materia graxa dos iogures, na súa parte láctea, será de 2 por 100 m/m, salvo para os iogures “semidesnatados”, nos que será inferior a 2 e superior a 0,5 por 100 m/m, e para os iogures “desnatados”, nos que será inferior a 0,5 por 100 m/m.

6.3 Extracto seco magro lácteo.—Tódolos iogures terán, na súa parte láctea, un contido mínimo de extracto seco magro de 8,5 por 100 m/m.»

4. Na alínea 8 engadirase un novo punto 8.5, coa seguinte redacción:

«8.5 Os requisitos dos puntos 8.3 e 8.4 non serán esixibles ós iogures pasteurizados despois da fermentación.»

5. No punto 11 substitúese o punto 1, que quedará redactado da forma seguinte:

«11.1 Os iogures denominaranse, de acordo cos diferentes tipos definidos no punto 5 desta norma e co seu contido en materia graxa do leite, da seguinte maneira:

11.1.1 Os iogures naturais, mediante a expresión:

iogur ou iogurt natural, seguida, de se-lo caso, da indicación “semidesnatado” ou “desnatado”.

11.1.2 Os iogures azucarados, mediante a expresión:

iogur ou iogurt azucarado, seguida, de se-lo caso, da indicación “semidesnatado” ou “desnatado”.

11.1.3 Os iogures edulcorados, mediante a expresión:

iogur ou iogurt edulcorado, seguida, de se-lo caso, da indicación “semidesnatado” ou “desnatado”.

11.1.4 Os iogures con froitas, zumes e outros produtos naturais, mediante a expresión:

iogur ou iogurt con....., a seguir indícase o nome específico das froitas, zumes ou produtos incorporados ou o xenérico de “froitas” ou “zume de froitas”, seguido, de se-lo caso, da indicación “semidesnatado” ou “desnatado”.

11.1.5 Os iogures aromatizados, mediante a expresión:

iogur ou iogurt sabor a....., a seguir indícase o nome da froita ou produto ó que corresponda o axente aromático utilizado, seguido, se é caso, da indicación “semidesnatado” ou “desnatado”.

11.1.6 Os iogures pasteurizados despois da fermentación, mediante a expresión:

iogur ou iogurt pasteurizado despois da fermentación....., seguido da denominación que corresponda, de acordo co establecido nos puntos 11.1.1 a 11.1.5., e de se-lo caso, da indicación “semidesnatado” ou “desnatado”.

6. No punto 11.2 engádese o seguinte parágrafo:

«Este requisito non será esixible ós iogures pasteurizados despois da fermentación.»

Disposición derradeira única. Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 3 de xuño de 2002.

LUCAS GIMÉNEZ

Excmos. Sres. Ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación e Ministra de Sanidade e Consumo.

XEFATURA DO ESTADO

11298 *CORRECCIÓN de erros do Real decreto lei 5/2002, do 24 de maio, de medidas urxentes para a reforma do sistema de protección por desemprego e mellora da ocupabilidade.* («BOE» 139, do 11-6-2002.)

Advertidos erros no Real decreto lei 5/2002, do 24 de maio, dem edidas urxentes para a reforma do sistema de protección por desemprego e mellora da ocupabilidade, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 6 en lingua galega, do 1 de xuño de 2002, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 765, primeira columna, no artigo primeiro. Sete, tralo primeiro parágrafo suprímese «1.», iniciándose as comiñas antes da letra a).

Na páxina 767, primeira columna, no artigo cuarto, 1.2), b), na sexta liña da taboa, onde di: «Desde 1246 ata 1439», debe dicir: «Desde 1260 ata 1439».

Na páxina 767, segunda columna, no artigo cuarto, 1.2), c), onde di: «... ós agrícolas fixos.», debe dicir: «... ós traballadores agrarios fixos por conta allea.».

Na páxina 768, primeira columna, no artigo quinto. Tres, tralo primeiro parágrafo, suprímese «1.», iniciándose as comiñas antes da letra a).

Na páxina 775, na disposición derradeira segunda. Tres, a), onde di: «... trala entrada en vigor do dito real decreto lei, cando...», debe dicir: «... trala entrada en vigor do mesmo, cando...».

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

11303 *ORDE PRE/1376/2002, do 5 de xuño, pola que se inclúen as substancias activas denominadas acibenzolar-S-metilo, ciclanilida, fosfato férrico, pimetrozina e piraflufeno-etilo, no anexo I do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar e utilizar productos fitosanitarios.* («BOE» 139, do 11-6-2002.)

A Directiva 91/414/CEE, do Consello, do 15 de xullo, sobre comercialización de productos fitosanitarios, inclúe un anexo, titulado «Substancias activas con incorporación autorizada nos productos fitosanitarios». A dita directiva incorpórase ó ordenamento xurídico español

en virtude do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar e utilizar productos fitosanitarios. Por outra parte, na Orde do 14 de abril de 1999, establécese o anexo I do dito Real decreto 2163/1994, baixo a denominación «lista comunitaria de substancias activas», que se define no punto 16 do artigo 2 da dita norma como a lista das substancias activas de productos fitosanitarios aceptadas pola Comisión Europea e a incorporación das cales se fará pública mediante disposicións nacionais, como consecuencia doutras comunitarias.

Mediante a Directiva 2001/87/CE, da Comisión, do 12 de outubro, inclúense as substancias activas acibenzolar-S-metilo, ciclanilida, fosfato férrico, pimetrozina e piraflufeno-etilo, no anexo I da Directiva 91/414/CEE, establecendo as condicións para que a comercialización de productos fitosanitarios que conteñan as referidas substancias activas non teñan efectos nocivos para a saúde humana ou a saúde animal nin para as augas subterráneas, nin teñan repercusións inaceptables para o ambiente.

A presente orde incorpora ó ordenamento xurídico interno a Directiva 2001/87/CE, mediante a inclusión das substancias activas acibenzolar-S-metilo, ciclanilida, fosfato férrico, pimetrozina e piraflufeno-etilo, no anexo I do Real decreto 2163/1994, e dictase de acordo coa facultade establecida na disposición derradeira primeira do dito real decreto.

A Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria emitiu informe preceptivo sobre esta disposición. Así mesmo, na súa tramitación foron consultados os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Medio Ambiente e da ministra de Sanidade e Consumo, dispoño:

Artigo único. Inclusión de substancias activas no anexo I do Real decreto 2163/1994.

1. As substancias activas denominadas acibenzolar-S-metilo, ciclanilida, fosfato férrico, pimetrozina e piraflufeno-etilo inclúense no anexo I do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar e utilizar productos fitosanitarios, coas características e condicións que para cada unha delas se especifican no anexo desta orde.

2. A inclusión das substancias activas a que se refire o punto 1 levará consigo a revisión das autorizacións provisionais dos productos fitosanitarios que as conteñan, concedidas de acordo co disposto no artigo 23 do Real decreto 2163/1994, e, cando corresponda, serán substituídas por autorizacións plenas.

3. As ditas revisións, así como o outorgamento de novas autorizacións, realizaranse de conformidade cos principios uniformes para a avaliación e autorización de productos fitosanitarios, tendo en conta ademais as conclusións da versión final dos informes de revisión da Comisión Europea, aprobados no Comité Fitosanitario Permanente nas datas que, para cada unha das referidas substancias activas, se indican no anexo desta orde, particularmente os seus apéndices I e II. Non obstante, o cumprimento dos requisitos de documentación correspondentes ós preparados e as decisións de conformidade cos principios uniformes para a avaliación e autorización destes esixiranse nos prazos que se especifican no dito anexo.

4. No Rexistro Oficial de Productos Fitosanitarios da Dirección Xeral de Agricultura do Ministerio de Agri-